

Acceso á plataforma E-LBE.2

INICIO

IDENTIFICARSE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

E-LBE.2 LECTURA DIXITAL PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES



De todo un pouco. Lecturas de inverno

VER MÁIS



El ecofeminismo en Vandana Shiva



Guía de campo da Galicia Encantada



Aplicación instantánea



Composición y perspectiva: Una mirada



100 cosas que tienes que saber de la música clásica



Os incurábeis



A vinganza dos homes bobos



Cando soa a buguina



La conquista del lenguaje. Una mirada a la evolución de la mente simbólica

QUE É A PLATAFORMA E-eLBE .2?


- É unha **plataforma de lectura e préstamo de contidos dixitais** que conta con **máis de 3000 títulos** que poderás ler en pantalla empregando un computador e dispositivos móbiles (até 6 dispositivos) .Só tes que ter carnet de usuario da biblioteca escolar.
- **Accesible 24/7**, ofrece a modalidade de **lectura online e offline**, o que permite ler sin conexión.
- As coleccións están organizadas por temáticas específicas e a medida que vai coñecendo os teus gustos a plataforma seleccionará títulos para facerche recomendacións lectoras.

COMO ACCEDER ?

Antes de acceder, podes facer unha navegación para familiarizárte coa aplicación e consultar a colección de títulos dispoñibles.

PRIMEIROS PASOS

Recoméndase que antes de acceder de xeito autenticado á plataforma se realice unha navegación completa pola mesma para familiarizarse coa aplicación e tamén para consultar a colección de títulos dispoñibles.



Desde a caixa de busca podemos realizar buscas directas por autor, título... e tamén podemos empregar os filtros rápidos desde o despregable dispoñible na mesma caixa.

Unha vez realizada a primeira busca, aparecerán máis opcións de filtrado no lateral dereito da plataforma, onde podemos ver o número de títulos dispoñibles en cada apartado e seguir filtrando polas opcións dispoñibles: editorial, autor, materia, ano de publicación, idioma...

Unha vez localizado o título do noso interese, podemos acceder á súa ficha e dispoñer de máis información, como ano de publicación, resumo, ISBN.

Destacan nesta pantalla dous botóns:

Se prememos sobre o botón **Prestar** pedirásenos que nos autentiemos para poder así ter o título en préstamo. **Olo!** Se prememos sobre este botón unha vez que esteamos autenticados o **título xa queda asociado en préstamo a conta do usuario**, polo que convén estar moi seguro de que realmente é o título que desexamos tomar en préstamo, xa que este paso consumirá a correspondente licenza de uso que teña o título asociado.



Se prememos sobre o botón de **Vista previa** podemos acceder ás primeiras páxinas do título para poder facernos unha idea sobre a obra antes de decidirmos collela en préstamo.

Esta previsualización pode realizarse sen necesidade de estar autenticado na plataforma.

Para poder acceder á plataforma, tes que ser usuario da túa biblioteca escolar. Se aínda non o eres, pásate pola biblio e incluímosche na base de datos. Unha vez na base de datos, entregámosche o teu usuario e contrasinal. Véxase os seguintes pasos:

PASO 1.

Entrando na web:

<https://bega-elbe2.edu.xunta.es/>


Premendo en identificarse



The screenshot shows the homepage of the E-ELBE.2 platform. At the top, there is a blue header with the logo of the Xunta de Galicia and the text "E-ELBE.2 LECTURA DIGITAL PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES". Below the header is a colorful illustration of children reading and a text box that reads: "PLATAFORMA DE PRÉSTAMO DE CONTIDOS DIGITAIS. A plataforma de préstamo dixital E-ELBE.2 procura ampliar as oportunidades lectoras da comunidade escolar, a través do préstamo dixital e en colaboración que ofrece apoio e mellora da competencia lectora e dos hábitos de lectura entre os seus membros." Below this, there is a section titled "De todo un pouco. Lecturas de inverno" with a "VER MÁIS" button. At the bottom, there is a row of book covers, including "El encadenamiento en Verdiana", "Cada día de la vida de Gabriela Encarnada", "APLICACIÓN INSTANTÁNEA", "COMPOSICIÓN Y PERSPECTIVA", "100 cosas que todos que saben de la música...", "On the road", and "A historia dos libros de..."

PASO 2.

atoparemos a seguinte pantalla:



The screenshot shows the login screen of the E-ELBE.2 platform. The page is titled "Iniciar sesión". It features two input fields for "Identificador *" and "Contrasinal *". Below these fields is a checkbox labeled "Non son un robot" with a reCAPTCHA logo. A blue "ENTRAR" button is positioned below the checkbox. At the bottom of the login form, there is a link that says "Recuperar Contrasinal". On the right side of the screen, there is a large blue overlay with the text "Benvida/o ao teu ecosistema dixital de lectura".

Paso 3.

Introduciremos os datos que aparecen no documento adxunto.

Premendo en ir ao sitio web, levaranos á seguinte pantalla:



The screenshot shows a web interface for updating a user account. At the top, there is a blue header with the logo of the Xunta de Galicia and the text 'CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE'. The main title is 'E-ELBE.2 LECTURA DIXITAL PARA AS BIBLIOTECAS ESCOLARES'. Below the header, the form is titled 'Actualización da conta de usuario'. It contains several input fields: 'Nome:', 'Apelidos:', 'Biblioteca:', 'E-mail:', 'Repita E-mail:', 'Contrasinal:', and 'Repita Contrasinal:'. Each of the last four fields has a red label 'Obrigatorio' next to it. At the bottom of the form is an 'Entrar' button. Below the form, there is a blue footer with the logo 'Bibliotecas escolares de Galicia' and 'bu' logo, and contact information: 'Asesoría de Bibliotecas Escolares', 'Subdirección Xeral de Centros e Recursos Humanos', 'Consellería de Cultura, Educación e Universidade', 'Xunta de Galicia', and 'mail: bibliotecasescolares@edu.xunta.es'.

Unha vez introducidos os datos que nos pide, xa podemos comezar a disfrutar da plataforma E-Elbe.2.

Préstamos e devolucións de títulos

Como **usuario alumno** podes obter en préstamo ata **2 títulos** de xeito simultáneo, dun **máximo de 10 títulos** no presente curso escolar.

Como **usuario docente** podes obter en en préstamo ata **2 títulos** de xeito simultáneo **sen límite de préstamos**.

1. Premer no rótulo **IDENTIFICARSE** (parte superior dereita da plataforma)
1. Unha vez localizada a obra, introducir as nosas **credenciais**.
1. Unha vez autenticados, aparecen os datos de **NOME e APELIDOS**
1. Neste punto prememos sobre o rótulo **CONTA** e accedemos a unha pantalla desde onde temos acceso a diversas funcionalidades : préstamos en liña, datos do/a lector/a, historial de préstamos, as miñas listaxes, buscas e notificacións.

Recoméndase facer unha busca inicial en modo anónimo para evitar coller en préstamo algún título de forma involuntaria.